

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE MARZO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 22 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 20 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Secundino Otero Faílde (asiste ao punto 2a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 4b)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 4c, 4d e 4e)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 4g)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12.941-306)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral no que se indican os licitadores presentados a este procedemento e no que se fai constar *"Compré sinalar que a UTE EULEN, S.A.-AUNAR GROUP 2009, S.L. presentou dúas ofertas, unha presencial o día 16 de marzo e outra que chegou por correo o día 19 de marzo (previo aviso por fax da empresa Eulen S.A.)"*.

Así mesmo, pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *"Documentación persoal"*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a EMSEBUR, S.L. para que poida emendar a declaración responsable presentada no sobre A *"documentación persoal"* segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:08	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-C9DH4C-B2BFB6-8XKJ9L-K17A79-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación. Concretamente deberá declarar que posúe a solvencia económica e a solvencia técnica esixida nos apartados 6B e 6C do PCAP, pois neste procedemento non se fixa clasificación alternativa.

- c) Non admitir neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12.941-306) á UTE EULEN S.A.-AUNAR GROUP 2009, S.L. por ter presentado dúas proposicións, tal e como consta no certificado expedido polo Rexistro xeral deste Concello de data 20 de marzo de 2018, ao abeiro do previsto no artigo 145.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (*“Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 147 sobre admisibilidade de variantes ou melloras e no artigo 148 sobre presentación de novos prezos ou valores no seo dunha poxa electrónica. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o ten feito individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas”*).

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12.941-306)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder a un dos licitadores un prazo para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	LICITADORES	Prezo	Incremento nº horas anuais de apertura dos centros
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	687.280,00 €	200
2	SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U.	761.474,30 €	225
3	UTE PONTE DAS DONAS SL- ARESTORA CONSULTORES, S.L.	581.671,20 €	700
4	MANPOWER BUSINESS SOLUTIONS, S.L.U.	195.245,04 € anuais	936



	LICITADORES	Prezo	Incremento nº horas anuais de apertura dos centros
5	LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L.	682.424,99 €	680
6	MANTELNOR OUTSOURCING, S.L.	697.128,00 €	1248
7	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, S.A.	732.238,76 €	1200
8	RANDSTAD PROJECT SERVICES, S.L.U.	705.237,20 €	10% do número de horas anuais
9	UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L.	544.011,55 €	4000
10	ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	689.148,48 €	300
11	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	720.727,37 €	3236
12	SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	509.180,10 €	800
13	EULEN CEE, S.A.	503.360,00 €	2000

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares agás a UTE PONTE DAS DONAS, S.L. - ARESTORA CONSULTORES, S.L., MANTELNOR OUTSOURCING, S.L. e SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días hábiles á UTE PONTE DAS DONAS, S.L. - ARESTORA CONSULTORES, S.L., MANTELNOR OUTSOURCING, S.L. e SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L. para que presenten o orzamento detallado esixido na cláusula 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo
1	IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	749.847,60 €



2	PEDRO DE LA PUENTE CRESPO	683.291,45 €
3	UTE TYP SA MC2 e SOLTEC INGENIEROS, S.L.	738.426,80 €
4	UTE G.O.C, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	586.336,23 €
5	UTE GALAICONTROLSL - HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS, S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ	632.800,72 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Javier Tarrío Somoza, con DNI 76.969.243-L; e D. Luis Miguel Caride Tesouro, con DNI 36.133.753-V, en representación da UTE G.O.C, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	DRAGADOS, S.A.	4.088.182,50 €
2	FERROVIAL AGROMAN, S.A.	4.305.847,33 €
3	EXTRACO, S.A.	4.443.649,98 €
4	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. - AIRAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	4.126.500,00 €
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	4.340.488,50 €
6	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	4.336.951,50 €
7	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	4.079.340,00 €
8	VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A.	4.185.450,00 €
9	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	4.066.810,00 €
10	CIVISGLOBAL, S.L.U.	4.247.347,50 €
11	UTE C.D. INDEPO, S.L.U. - HIDROMIÑO S.L.U.	4.321.035,00 €
12	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	4.226.715,00 €



	Licitador	Prezo
13	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	4.143.003,70 €
14	COPCISA, S.A.	4.199.008,50 €
15	UTE API MOVILIDAD - ECCASAS	4.509.675,00 €
16	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	4.117.657,50 €
17	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.	4.322.214,00 €

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Javier Tarrío Somoza, con DNI 76.969.243-L; D. Francisco Fernández Valiña, con DNI 33.554.043-X, en representación de COPCISA, S.A.; D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.126.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; e D. Rodrigo Feijoo Mosquera, con DNI 34.985.089-L, en representación de DRAGADOS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	EXPLOTACIÓNS MEDIAMBIENTAIS, S.L.U.	503.905,17 €
2	ELSAMEX, S.A.	632.352,56 €
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	485.429,02 €
4	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	488.565,98 €
5	CALDEVERGAZO, S.L.	513.500,00 €
6	ORECO, S.A.	478.888,11 €
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	539.291,41 €
8	ORESA, S.L.	503.249,66 €
9	C. D. INDEPO, S.L.	484.694,83 €
10	HIDROMIÑO, S.L.	494.239,23 €
11	COPCISA, S.A.	488.766,21 €
12	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	484.561,34 €



	Licitador	Prezo
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	463.803,96 €
14	NAROM, S.L.	497.309,45 €
15	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	490.234,59 €

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Francisco Fernández Valiña, con DNI 33.554.043-X, en representación de COPCISA, S.A. e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.126.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

f) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	incremento prazo garantía elementos parque (nº anos)	incremento prazo garantía obra (nº anos)
1	PRADO LAMEIRO, S.L.	918.632,00 €	8	1
2	OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.	929.643,00 €	8	1
3	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	977.570,00 €	3	2
4	INGENIERÍA Y DISEÑOS TÉCNICOS, S.A.U. (INDITEC MEDIOAMBIENTE)	1.097.800,00 €	8	5
5	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	859.650,00 €	4	6

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á sesión a adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e, en calidade de público, D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.126.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:08	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-C9DH4C-B2BFB6-8XKJ9L-K17A79-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

g) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.).	149.556€/ano
2	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.	549.019,55
3	LIMPIEZAS CIES, S.L.	616.951,90
4	ITMA, S.L.U.	604.876,72
5	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)	625.976,56

Todos os licitadores achegan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D^a. Cristina Correo Álvarez, con DNI 35.577.488-F, en representación de SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.; D^a. Carolina Canosa Calo, con DNI 76.970.621-V, en representación de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.; e D. Jesús María Álvarez Fernández, con DNI 36.050.986-G, en representación de UGT.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 20 de marzo de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e



Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 20 de marzo de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,45
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,43
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	92,53
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,40
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	91,35
6	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	90,94
7	C.D. INDEPO, S.L.	90,47
8	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	90,01
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	89,72
10	HIDROMIÑO, S.L.	89,30
11	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	88,74
12	ORESA, S.L.	88,54
13	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,04
14	COPCISA, S.A.	86,68
15	EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	72,96

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:08	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-C9DH4C-B2BFB6-8XKJ9L-K17A79-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		